

CAMIÑO 19

Marea Pontevedra entrou en pre-campaña electoral.

A XXI asemblea xeral do pasado 13-12-2017 acordou poñer en marcha o proceso de primarias en dúas fases (a 1ª para a elección do cabeza de lista no primeiro trimestre deste ano e a 2ª fase para a elección do resto da lista no cuarto trimestre de 2018).

A radicalidade democrática máxima é o elemento central co que, ao igual que en 2015, estamos a abordar o proceso, tendo como clave os tres seguintes aspectos:

- A. Asegurar a máxima transparencia e seguridade do proceso
- B. Asegurar a máxima dunha persoa, un voto, sobre a clave de un único censo que asegure a plena participación en pé de igualdade (actualmente de 351 inscritas onde están todas as correntes políticas que teñen cabida na confluencia democrática)
- C. A facilidade para presentarse candidatas (so 3 avais para candidata e 10 para cabeza de lista)
- D. A presentación de persoas, nin listas bloqueadas nin desbloqueadas, como máxima expresión da unidade popular e non de partes

A presentación dun único candidato nesta primeira fase e a importante participación, a pesar desa circunstancia (case cen persoas), reflicten, en primeiro lugar, un alto consenso sobre o noso portavoz e o traballo realizado polo equipo da Marea nestes tres anos e, en segundo lugar, unha importante activación da base social nun momento non fácil.

Coa elección de Luís Rei e a posta en marcha da precampaña #OMellorAlcaldeORei adiantámonos a outros partidos que teñen moitas dúbidas sobre a súa candidatura e facémolo apoiándonos nun dos activos máis importantes co que contamos, constatado no crecemento de coñecemento e a alta valoración do noso portavoz.

Paralelamente a isto temos posto en marcha a campaña “Camiño’19” co que durante este ano e medio imos afortalar, aínda máis, o noso carácter propositivo, que escoita e atende as necesidades da cidadanía, e que ten situado a Marea Pontevedra no centro do debate público.

Estamos nun momento de gran volatilidade política, como sinalan diversas sondaxes propias e alleas que veñen de situar a Marea Pontevedra tras o BNG (en caída), despois Cs, e pechando o PP e o PSOE.

As forzas que teñen hexemonizado o concello desde o goberno (BNG) e desde a leal e estéril oposición (PP), están en retroceso fronte a Marea e Cs. Ademais existe un certo esgotamento, xa palpable entre a xente, do modelo Lores. Estas circunstancias deberíamos telas en conta a hora de fixar unha estratexia para os próximos meses. O equipo técnico, xa de feito actuando como comisión electoral, esta a elaborar un documento en base a un DAFO propio que queremos presentar ao telo rematado para o seu debate na próxima asemblea.

Por último, é moi importante para nós, o traballo con outras mareas e iniciativas cidadáns, algunhas xa existentes e outras que están a nacer no noso partido xudicial para abordar as municipais e o asalto as deputacións, acubilladas no paraugas de EnMarea,

O éxito do encontro municipalista provincial do pasado 18 de febreiro, onde Marea Pontevedra exerceu de anfitrión, e o próximo plenario do 17 de marzo de EnMarea son dúas citas nas que desde MP estamos moi implicados.

Veñen meses de traballo por diante, desde Marea Pontevedra facemos un chamado a todas as inscritas e simpatizantes a implicarse e ilusionarse porque acadar o goberno de Pontevedra para a xente é posible.

7 de marzo de 2018